

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 15.09.2023, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso selectivo para ampliar a vixente listaxe de emprego temporal de Terapeuta ocupacional, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) núm. 222, do 26.09.2023.

Vistos os puntos 6 e 7 das bases xerais que rexen o presente proceso selectivo (BOP núm. 079 e núm. 161, do 06.04.2020 e 15.07.2020), propónse á Presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7 / 1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da anterior, resolva:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME
1	FEAL RODRÍGUEZ, PAULA
2	GÓMEZ DÍAZ, TERESA MARÍA
3	MAROÑO MARTÍNEZ, MARÍA
4	NÚÑEZ ALONSO, LUCÍA

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

Presidente.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Vogais.-

Titular: Dona Carmen Díaz Mor, terapeuta ocupacional no Servizo Galego de Saúde.

Suplente: Dona Teresa Santos Corbelle, terapeuta ocupacional no Servizo Galego de Saúde.

Titular: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en Traballo Social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Don Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María José Ferreiro López, ATS, na Sección Saúde, Seguridade e Prevención da Deputación de Lugo.

	IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA	Fecha y Hora	30/10/2023 14:22:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA</a>	Página	1/2



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día **31 OCT. 2023**  
ata a día **19 NOV. 2023**  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA



Secretaria/o:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Rosa Abelleira Fernández, interventora da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na Salón Verde da Deputación de Lugo o luns día 13 de novembro de 2023 ás 9 horas, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e as persoas aspirantes para que comparezan no Salón de Plenos da Deputación de Lugo o xoves día 16 de novembro de 2023, ás 9 horas para realizar a proba de coñecementos xerais e específicos.

Debido á urxencia da incorporación dos efectivos, o Tribunal poderá acordar realizar o resto das probas e as entrevistas curriculares a continuación.

5º.- Publicar a presente a resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH).

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución na web corporativa, ou ben recurso contencioso -administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**

P.D. Decreto de data 04-07-2023

**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA	Fecha y Hora	30/10/2023 14:22:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PEL3L3MXLJGMDY545IJSUMA</a>	Página	2/2

